



# Radiofísica Hospitalaria

*A radiación necesaria,  
no lugar exacto*

A Radiofísica Hospitalaria é a especialidade sanitaria que ten como misión garantir que as doses de radiación ionizante ás que estarás exposto nun proceso diagnóstico ou terapéutico son exactamente as necesarias para alcanzar o obxectivo clínico.

Traballamos para asegurar a calidade e seguridade no uso médico das radiacións ionizantes.

*Déixanos mostrarche como.*


## DE 7 A 9 ANOS DE PREPARACIÓN

*Un grao en Física ou outras disciplinas científicas e tecnolóxicas, e tres anos de formación especializada nun hospital acreditado.*



**Metroloxía, modelización, análise de datos... Temos formación científica e investigadora e poñémola ao servizo dos pacientes.**

**Somos especialistas en ciencias da saúde e participamos en todos os procesos asistenciais nos que se utilizan radiacións ionizantes.**



## LABOR ASISTENCIAL

*Medir, caracterizar e modelizar as fontes de radiación e aplicarlas de forma óptima nos seus usos médicos.*


## CALIDADE E SEGURIDADE

*Conseguir o maior beneficio clínico para o paciente coa dose de radiación estritamente necesaria.*



**Garantimos a calidade dos equipos utilizados nas técnicas radiolóxicas, diagnósticas e terapéuticas.**

**Formamos a outros profesionais nos procedementos de traballo para o uso seguro das radiacións ionizantes.**



## FORMACIÓN

*Mellorar a seguridade do paciente e do persoal na implantación de novas aplicacións e técnicas radiolóxicas.*

## PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

*Desde o deseño e verificación das instalacións e a súa vixilancia radiolóxica, ata a xestión de residuos*



**A protección radiolóxica dos traballadores e público nos centros sanitarios é responsabilidade nosa.**

A Sociedade Española de Física Médica ten un programa de formación continuada que axuda a manter actualizados todos estes coñecementos e habilidades e promove actividades científicas e investigadoras como soporte ao desenvolvemento persoal da radiofísica hospitalaria. Coñécenos na nosa web: : [www.sefm.es](http://www.sefm.es)

**7 NOV** | DIA INTERNACIONAL DE LA FÍSICA MÉDICA

Síguenos en: @redesSEFM



@SEFM15



@redessefm



Sociedad Española de Física Médica

